



Expediente núm.: 1005/2024

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 138/2024

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2024

Obra/servizo subvencionado: Tarefas de silvicultura e limpeza de montes

Categoría profesional: Peón forestal (V)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

Primeiro.- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 17 do 24.01.2024, publícase a ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

Segundo.- Con data 06.02.2024 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2024/367465 a solicitude de subvención para o fomento do emprego no medio rural 2024 (Aprol rural).

Terceiro.- Con data 22.04.2024 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2024-ERC-1903) a resolución do xefe territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Ourense, mediante a que se nos outorga unha subvención polo importe de 32.215,58 €, para a contratación de 2 traballadores/as desempregados para a realización da obra ou servizo denominado/a: "TAREFAS DE SILVICULTURA E LIMPEZA DE MONTES", Expte. Nº: TR351G 2024 / 044 – 3. Co desagregado seguinte:

| Nº traballadores | Ocupación | Grupo Cotización | Modalidade Contractual | Duración | Xornada | Custo Subvencionado |
|------------------|---------------|------------------|---|----------|---------|---------------------|
| 2 | Peón Forestal | 10 | Contrato Temporal Vinculado a Programas de Políticas Activas de Emprego | 9 Meses | 100% | 32.215,58 € |

Cuarto.- O 24.05.2024 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2024 (Expte. Nº: TR351G 2024 / 044 – 3).

Quinto.- O 24.05.2024, dítase Resolución de Alcaldía núm. 2024 - 0417 co asunto "Avocación de competencias e aprobación das bases de selección de persoal laboral: Subvención APROL RURAL 2024 (Peón forestal)".

Sexto.- O 28.05.2024 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
Dado de Nacemento: 13/07/2024
Dado de Sinatura: 13/07/2024
HASH: 1c4daebb18c96d46747c9daae51c2e7e



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
Dado de Nacemento: 15/07/2024
Dado de Sinatura: 15/07/2024
HASH: e628107c0907e6683f2af9a221fb9f2





medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17 do 24.01.2024), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.

Sétimo.- O 04.07.2024 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “peón forestal”, ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2024 (Expte. Nº: TR351G 2024 / 044 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

“2.- Concluir a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12 – 2024 – 5258):

| | APELIDOS E NOME | DNI | DESCRICIÓN |
|---|------------------------|------------|---------------------------|
| 1 | Carnero Vila Daniel | ***071*6J | Contratación do candidato |
| 2 | Pérez Varela Mirian | **47*7*1G | Contratación do candidato |

3.- A quenda de reserva quedaría como segue:

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEG O | PROBA LINGUA GALEG A | PROBA COÑECEMENTO S |
|---|--------------------------------|---------------|-------------------------------|---|------------------------------------|
| 1 | Forján Blanco María Inmaculada | **94*8*6 H | Non | APTO | 8 |
| 2 | Pereira Iglesias Rafael | ***472*9F | Si | | 7 |
| 3 | Pereira Iglesias José Antonio | 4*4*3*0* K | Si | | 6 |
| 4 | Carballo Ocampo Francisco | ***974*3 E | Si | | 5 |
| 5 | Dacuña González Ramiro | 4**45*0*Z | Si | | 5 |

Oitavo.- O 04.07.2024 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección (oferta de emprego número 12 – 2024 – 5258) de (2) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: “tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peón forestal).

Noveno.- Con data 10.07.2024 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2024-E-RC-3403) a resolución complementaria da directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, mediante a que se nos outorga unha subvención polo importe adicional ao inicialmente concedido de 16.107,79 €, para a contratación dun/ha (1) traballador/a desempregado/a para a realización da obra ou servizo denominado/a: “TAREFAS DE SILVICULTURA E LIMPEZA DE MONTES”, ao abeiro da ORDE do 26 de decembro de 2023 (DOG núm. 17, de 24.01.2024). Expte. Nº: TR351G 2024 / 044 – 3. Co desagregado seguinte:

| Nº traballadore s | Ocupación | Grupo Cotización | Modalidade Contractual | Duración | Xornada | Custo Subvencionad o |
|-------------------------|------------------|---------------------|---------------------------|----------|---------|----------------------------|
| 1 | Peón Forestal | 10 | Contrato Temporal | 9 Meses | 100% | 16.107,79 € |





| | | | | | | |
|--|--|--|---|--|--|--|
| | | | Vinculado a Programas de Políticas Activas de Emprego | | | |
|--|--|--|---|--|--|--|

Décimo.- O 11.07.2024 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17 do 24.01.2024), co obxecto de cubrir o referido posto de traballo.

Décimo primeiro.- O 12.07.2024 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección (oferta de emprego número 12 – 2024 – 7178) de (1) traballador/a desempregado/a para a realización da obra ou servizo denominado/a: “tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peón forestal).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Contratar para o período comprendido entre o 15 de xullo de 2024 e o 14 de abril de 2025, para a obra / servizo “tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peón forestal) subvencionado en 16.107,79 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na categoría profesional de “peón forestal” ó/a traballador/a que figura no primeiro lugar da quenda de reserva da Acta definitiva do Tribunal Cualificador de data 04.07.2024 referida no antecedente sétimo, e cos seguintes custos salariais:

| Nome do traballador/a | DNI | Grup o de cotiz. | Retribución s brutas mensuais | % Cota patronal á S.S. | Seg. Social Concello mensual | Custo total mensual | Núm. meses | Custo total (total custo mensual x nº meses) |
|--------------------------------|-----------|------------------|-------------------------------|------------------------|------------------------------|---------------------|------------|--|
| Forján Blanco María Inmaculada | **94*8*6H | 10 | 1.437,98 | 38,38% | 551,90 | 1.989,88 | 9 | 17.908,92 |
| CUSTO TOTAL | | | 1.437,98 | | 551,90 | 1.989,88 | | 17.908,92 |

Segundo.- Formalizar o contrato de traballo para a obra / servizo “tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peóns forestais) subvencionado en 16.107,79 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.1 da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 17 do 24.01.2024), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 9 meses.

Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Terceiro.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal deste Concello <http://concellopereiro.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Quinto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Sexto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2024-0602 Data: 13/07/2024

Cod. Validación: 4PW4JNZYXHDWMTNRJRPAWSJL
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

